



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo*

*15.704 Santiago de Compostela*

*Tfno e fax: 981-570099*

*Correo-e: [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)*

*Páxina electrónica: [www.adega.gal](http://www.adega.gal)*

## DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS

Fins Eirexas Santamaría, con DNI 52454551-S, secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, presenta ao borrador do proxecto de Lei de Residuos e Solos Contaminados de Galiza as seguintes,

### ALEGACIÓNS

**1. Encol dos principios da política de residuos:** No capítulo III do borrador da norma recóllense os principios da política de residuos (protección da saúde, xerarquía...). Entendemos que como principios básicos para xestión dos refugallos deberían tamén incorporarse os principios de Precaución e de Proximidade. O primeiro, común tamén a outras normativas con repercusións sobre a saúde ambiental e cidadá, porque os diversos sistemas implicados no tratamento dos residuos deben minimizar os riscos para a saúde e o ambiente; e o segundo, porque consonte ás premisas da economía circular, os refugallos deben ser tratados de xeito preferente nas proximidades de onde son xerados mediante sistemas descentralizados, minimizando o trafego.

**2. Encol das competencias das entidades locais (Artigo 7):** A lei debe definir máis claramente as obrigas das entidades locais, xa que simplemente lles outorga a posibilidade de elaborar plans de xestión e programas de prevención (Artigo 7.3), e non lles exige o cumprimento da xerarquía de xestión dos fluxos de residuos dos que teñen a competencia para a súa xestión. A directiva marco na súa actualización de 2018 indica que se deberán establecer fórmulas para que as entidades locais cumpran cos obxectivos de xestión, e a lei galega, no ámbito máis próximo e detallado do noso marco legal, debería establecer esas obrigas.

**3. Encol da xerarquía dos residuos:** O artigo 11, referido á xerarquía de residuos, introduce o punto 2.2 que supón oficializar a posibilidade de incumprir un dos principios básicos da política de residuos: a xerarquía do tratamento. Utilizar como escusa a consecución dun “mellor resultado ambiental global”, sen definir claramente nen cuantificar esa “mellora”, para saltarse a xerarquía do tratamento equivale a consagrar o incumprimento dun principio que debería observarse sempre. Esta punto introduce unha compoñente de arbitrariedade no cumprimento dun principio fundamental, que non

se pode xustificar por ningún motivo agás pola vontade de incumprir o devandito principio. Propoñemos a supresión deste punto 2.2 do artigo 11. A propia directiva establece a necesidade de que se aplique o enfoque do ciclo de vida aos impactos globais e que este procedemento sexa completo e transparente e participativo. Carece de todo sentido empregar na lei galega unha redacción máis vaga, indefinida e menos exixente que a da propia directiva.

En segundo lugar, débese establecer o uso dos instrumentos económicos con utilidade para avanzar no cumprimento da xerarquía, en particular os impostos ao vertido e a incineración de residuos, como se proporá máis adiante. No que se refire á xestión de residuos urbanos, Galiza presenta unha situación completamente afastada da xerarquía de xestión, polo que a adopción destes instrumentos é urxente e debe ter un alcance que só a súa consideración detallada na lei pode facilitar.

**4. Encol dos biorresiduos:** Atendendo á representatividade deste tipo de residuos no conxunto do lixo urbano, e en liña coa consideración que a lei 22/2011 estatal de residuos outorga aos biorresiduos, bótase de menos un apartado específico para tratar a xestión desta fracción. Máis aló das definicións de compostaxe caseira e comunitaria (tratadas máis adiante nun apartado específico destas alegacións), e das disposicións sobre a compostaxe comunitaria (art. 38), que esquecen por certo a compostaxe doméstica, precísase, en liña co disposto artigo 24 da lei 22/2011, establecer a necesidade de impulsar a recollida separada de biorresiduos, o seu tratamento en instalacións específicas e o fomento do uso do compost como emenda orgánica.

A respecto tamén dos biorresiduos, deberían contemplarse obxectivos e prazos concretos para a súa recollida separada e tratamento, que debería abeirar un 50% como mínimo para o 2020, sendo obrigatoria a súa recollida separada cando memos para os concellos de máis de 5000 habitantes no mesmo horizonte temporal (2020).

**5. Encol da compostaxe e do biogás:** No texto do borrador, nos artigos 2 e 3, faise referencia á compostaxe e ao biogás (obtido mediante a dixestión anaerobia ou biometanización), no senso de favorecer e colaborar cos concellos na recollida separada dos residuos orgánicos “para destinalos a compostaxe ou á dixestión anaerobia” (art. 2). Porén, entendemos que estas dúas técnicas de tratamento da materia orgánica non están ao mesmo nivel: a biometanización é un tratamento que require de procesos industriais complexos suxeitos a múltiples variábeis, alén de requirir investimentos moi superiores á compostaxe. Esta última, pola contra, é doadamente escalábel, moito menos complexa tecnicamente ao usar tecnoloxías brandas e require dun investimento moito menor que a dixestión anaerobia para comezar a producir un compost de calidade. Propoñemos pois que no borrador se considere de xeito diferencial a estas dúas técnicas, que malia a ser complementares, debería recoller a priorización da compostaxe aerobia.

Consecuentemente, o Plano de Residuos que efective as disposicións desta nesta nova lei debería contemplar a posta en marcha de plantas de compostaxe de pequena e media escala a nivel local e comarcal, ao fío da mellora da recollida separada fracción orgánica (sistema húmido seco e/ou Porta-a-Porta) complementadas coa promoción de compostaxe caseira e comunitaria (estas últimas consideradas accións prioritarias de prevención e non unicamente de reciclaxe).

**6. Encol da compostaxe caseira e comunitaria:** Malia ser tratadas no artigo 38 do borrador da lei, non hai ningunha referencia á compostaxe caseira, sendo esta un dos sistemas de prevención e reciclaxe máis barato e efectivo, particularmente nos contornos rurais e de poboación dispersa. A presente norma debería recoller medidas para favorecer, incentivar e regulamentar a extensión xeralizada da

compostaxe doméstica en Galiza, aproveitando a experiencia acumulada dende hai anos por ONGs, concellos e entidades supramunicipais.

**7. Encol dos instrumentos económicos e fiscais:** Deberíase establecer unha fiscalidade ambiental para fomentar a prevención e as accións da xerarquía de tratamento previas á incineración e ao vertido. A respecto por exemplo do sobre-empacado, deberíase contemplar unha penalización con respecto ás embalaxes excesivas fronte ás consideradas máis eficientes en termos do seu ciclo de vida. Polo que atinxe á promoción da reutilización, a reciclaxe e a compostaxe fronte a outros tratamentos finalistas (incineración – con e sen recuperación de enerxía- e vertedura), propoñemos o establecemento dun canon tanto á incineración como ao vertido, que tería como obxectivo por unha banda, desincentivar o uso destes últimos chanzos da xerarquía de tratamento, e por outra mellorar a recollida separada, particularmente da fracción orgánica.

Asimesmo, o Artigo 14 debería considerar tamén os custos da prevención e de modificar o modelo lineal como custos da xeración (e xestión) de residuos. Só desta forma se conseguiría internalizar todos os custos, o que non fai a redacción actual. Ademais, o apartado 2 mesmo exclúe os posibles canons ao tratamento finalista, e desta forma non se poderían cargar ao produtor, polo que os inviabilizaría.

**8. Sistemas de devolución, depósito e retorno:** Están ausentes do borrador da Lei, mesmo nas definicións, malia a que esta é unha das medidas contempladas no mencionado “Plan de Acción para a Economía Circular [COM (2015) 614 final], deseñado pola Comisión Europea e cuxa referencia se inclúe na exposición de motivos do borrador. O texto debería contemplar a implantación de sistemas SDDR como ferramenta real de prevención, na liña do recollido na Directiva Marco de Residuos.

**9. Transparencia, información e formación:** Ademais de garantir os dereitos de información e participación da cidadanía nos termos establecidos pola normativa vixente (artigo 13), o borrador debera establecer canles concretas de participación social, facendo fincapé na prevención e na recollida separada. Neste senso, deberíase contemplar o establecemento dun amplo programa de educación ambiental e sensibilización, transversal en canto a idade, que atinxa tamén aos entes locais e con suficiente dotación económica.

Outro aspecto importante atinxe á posta en marcha dun sistema de indicadores para verificar o cumprimento dos diversos obxectivos (prevención, recollida separada, reciclaxe, compostaxe...) público aberto e contrastábel, para achegar máis transparencia á xestión dos residuos. A este respecto, deberíase contemplar a obrigatoriedade do rendemento de contas de todos os sistemas de xestión e tratamento de residuos públicos ou con financiamento público, comezando por SOGAMA. Este ente debería comprometerse a publicar os seus balanços e resultados a través dunha memoria de redacción anual e accesible ao público.

**10. Encol das operacións de valorización de residuos en restauración de espazos degradados:** O artigo 27 do borrador de lei, na práctica facilitará que as canteiras poidan ser empregadas para acoller calquera instalación de xestión de residuos, impulsando un desenvolvemento normativo incoherente coa finalidade das operacións de restauración ambiental para recuperar espazos degradados, entendendo que estas teñen o obxectivo de reconstruír unha situación o máis semellante á orixinaria. O texto elude introducir aspectos fundamentais que desenvolvan as previsións normativas de carácter básico estatal para exercer un debido control de xestión e execución, e que as operacións con

residuos a efectos de ser valorizados en restauración se realicen con todas garantías, e non acaben sendo simplemente vertedoiros pola porta traseira subvertindo a propia normativa de residuos ou a ordenación urbanística do territorio.

A modificación da directiva de residuos realizada en 2018 (paquete de Economía Circular), chama a atención sobre a predominancia de prácticas e operacións de "reciclaxe de baixa calidade", das que son exemplo en particular en Galiza o uso de residuos na restauración de canteiras e outros espazos degradados. A lei galega debe recoller esta indicación da Directiva e legislar en máis detalle para evitar estes destinos dos residuos, no canto de facilitalos e permitilos de forma incontrolada.

Os residuos habitualmente destinados a estas operacións proceden de fraccións sen recollida separada ou de moi baixa calidade da recollida en orixe. Aí entra o destino R10 e outros da relación de operacións de valorización da normativa en vigor. A propia directiva indica como límite no tempo que estes destinos deixarán de computar para a reciclaxe en 2027. A lei galega non pode obviar esta situación e debería establecer medidas adicionais para erradicala antes de 2027.

Tamén os tecnosolos son unha vía importante para este tipo de actuacións e destino para os residuos. Neste senso deberíase revisar a instrución técnica ITR/01.0/05, que regulamenta a elaboración e uso dos solos derivados de residuos, para ntre outras cousas, evitar a mestura de residuos en destino co obxectivo de modificar as súas propiedades por dilución duns noutros.

**11. Encol dos solos contaminados:** Polo que atinxe ao Título VI, dos solos contaminados, propoñemos a eliminación do artigo 59 (reparación en vía convencional de solos contaminados) por supoñer tal como está redactado, unha subversión do principio de Poluidor-Pagador, recollido no propio artigo 48.8 do presente borrador. A celebración de convenios entre o poluidor e as administracións, dotados con financiamento público, desvía a responsabilidade exclusiva que debe ter o poluidor, condicionando a reparación á celebración dos devanditos convenios. Polo mesmo, a pretensión de que as supostas plusvalías obtidas polos causantes da contaminación (ou propietarios dos terreos, cuestión esta que tampouco fica clara) revertan no erario público, non deixa de ser un financiamento encuberto dos obrigatorios labores de reparación que debería asumir en exclusiva o poluidor.

Por todo o exposto, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) solicita que se teñan en conta as anteditas alegacións ao documento presentado, de cara á redacción da nova Lei de Residuos e Solos Contaminados de Galiza.

Compostela, 4 de abril de 2019



Asdo. Fins Eirexas, secretaría técnica de ADEGA

**DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**